

I Encontro Cidadanía e Educomunicación

“Cara a unha comunicación non excluín-te”

Proxecto CIDEC

25 e 26 de maio de 2015
Facultade de CC. da Comunicación, Avda de Castelao, s/n
Santiago de Compostela

CONCLUSIÓNS PARA A REFLEXIÓN

O 1º Encontro Cidadanía e Educomunicación orientou o debate cara as diversas posicións defendidas polas entidades que sosteñen os dereitos e a inclusión dos grupos de atención social prioritaria nos que enfoca o proxecto CIDEC (<http://cidadaniaecomunicacion.wordpress.com>).

Como vén sendo habitual no campo, a discusión atendeu a un enfrontamento coa posición e o discurso dos “medios convencionais” (empresas de información e entretemento), non tanto respecto da Comunicación, no seu sentido amplo (é dicir, incluíndo as relacións que respecto deses grupos prioritarios amosa e articula o conxunto social e institucional, por exemplo).

Foi feble o relato desde os “medios” xa que as e os seus representantes na xuntanza, cando o fixeron, falaban como profesionais e non tanto como representantes destas empresas. Mesmo separaban o seu criterio profesional, da adscrición ao “medio” no que traballan. A posición das e dos comunicadores, desde esa separación, amosábase tamén crítica con respecto ás formas, procedementos e procesos que os “medios” utilizan para amosar a realidade destes grupos, e a realidade das comunidades en si mesma.

No que atinxe ás entidades participantes nos debates, evidenciáronse dúas correntes claras: unha máis transformadora respecto das realidades e as súas representacións, outra máis asentada en posicións institucionalizadoras e centradas nun cambio regulamentado das persoas.

Respecto do diálogo que se debiera producir semella importante subliñar que estamos a falar dun contexto-marco onde os axentes (“medios”, institucións e entidades) xogan un discurso diferente nun marco común pero pendente dos recursos e beneficios que a cadanseu a súa actividade lles reporta, tanto no sentido económico, político ou de influencia e de poder. Moitas veces os colectivos e individuos inscritos como de “atención prioritaria” permanecen fóra da discusión e, noutras, son simple mercadoría coa que conseguir maiores recursos e beneficios. Velaí a súa dupla vulnerabilidade: na súa representación e no acceso á súa propia voz (que as mesmas leis ou normas —mediante os seus axentes— ocultan).

O debate, por tanto, circulou ao redor de varias ideas ou principios, que haberá ter en conta á hora da discusión posterior e na contrastación e axuste coas actividades a desenvolver no Proxecto:

1) A certeza de que a linguaxe constrúe o poder de identificar, valorar e decidir que é e como se amosa a realidade. Xa que logo, a partir desta sentencia, o aspecto da expresión, sobre todo, cobrou significativa relevancia na discusión, en tanto que recurso e arma, pero tamén como diálogo, estratexia e forma de participación. Do mesmo xeito a linguaxe posiciona aos axentes que interveñen no xogo. Porén, cabería emprender unha discusión máis alá do que a linguaxe pode significar neste xogo e se, como linguaxe, estamos entendendo unha parte, fundamental, da Comunicación que non só ten que ver coas representacións e, tamén, coas relacións sociais.

2) Semella fundamentado dicir que o debate centrouse nas entidades e nos “medios”. Aínda máis nas entidades e no seu imaxinario na racionalización do que é un “medio” e como actúa negativamente respecto dos dereitos dos grupos de atención prioritaria, a necesidade de buscar estratexias para acceder a eles ou mesmo de converterse en “medios”. O asunto era como mudar a orientación dos “medios” respecto dos intereses das entidades. As entidades, neste aspecto, desexan normar as representacións que os “medios” fan dos grupos prioritarios, que a linguaxe que os “medios” empregan se axuste á norma que elas propoñen. Velaí que o sentido dunha negociación entre estes axentes (entidades-“medios”) pasa, na opinión xeral das entidades, por establecer uns puntos fortes e de exixencia de cara a unha negociación.

3) As institucións que desenvolven as políticas de dádiva e fornecen a economía dos outros dous axentes (entidades-“medios”) ficaron sen ser analizadas en profundidade. Non se produciu unha análise do seu papel no xogo. Mesmo o papel da universidade e as súas posibilidades de intervención, non adquiriu sustancia no debate.

4) Ao enfocar o debate nos “medios” e como acceder a eles, ficou sen resolver o papel da Comunicación no seu sentido amplo, como xa dixemos. Parece preciso unha revisión respecto deste concepto e proceso máis polo miúdo, identificando relacións e situacións sociais e de socialización, da educomunicación, e abrindo tamén o espazo ás comunidades. Desde a academia é necesaria unha reflexión respecto da vulneración dos dereitos humanos por parte dos “medios” e , tamén da vulneración e a vulnerabilidade no espazo social.

5) Por último, convén revisar as conclusións das mesas de cara a recadar coñecementos proporcionados no debate coa debida reflexión respecto das posicións, estratexias, percepcións, así como sobre a débeda e o nivel de compromiso que estes axentes adquiren cos “usuarios” que lles permiten desenvolver as súas accións.

CONCLUSIÓNS DAS SECCIÓNS TEMÁTICAS

1. Mesa infancia e xuventude
2. Mesa sobre diversidade: sexualidades
3. Mesa sobre linguaxe non excluín-te
 - 3.1. sobre a importancia da linguaxe
 - 3.2. Respecto á abordaxe da diversidade funcional
 - 3.3. Respecto á abordaxe da diversidade étnica
 - 3.4. Respecto a linguaxe sexista
 - 3.5. Respecto á visión dende profesionais da comunicación
4. Mesa sobre migrantes
5. Mesa sobre mulleres e violencia simbólica

1. MESA INFANCIA E XUVENTUDE

Lois Barreiro, de IGAXES, introduciu o debate a partir da Lei do Menor.

1. A importancia de comunicar os logros, o bo facer, as historias de vida positivas,... das e dos adolescentes que teñen medidas xudiciais ou que viven en centros de protección.
2. A necesidade de cambiar o concepto “menor” nas publicacións, tendo en conta que é un termo xurista, e que realmente minusvalora a propia persoa dos nenos/as e adolescentes.
3. A importancia da percepción da ficción en xerar estereotipos negativos sobre os nenos/as e adolescentes que viven en centros de menores, que cumpren algunha medida xudicial,...
4. O temor das entidades a comunicar porque non hai liñas preestablecidas nin comúns claras do que se pode ou non comunicar, como, onde,...
5. A necesidade de coidar non só as palabras senón tamén as imaxes que acompañan ás noticias nas que se fale de nenos, nenas e adolescentes de Protección ou que cumpren medidas.
6. A taxa de delincuencia xuvenil en España é baixa, comparativamente con outros países europeos; e , en concreto a media de homicidios é 15/ano. Porén, a repercusión mediática dos mesmos é enorme danando moito a imaxe dos adolescentes cos que traballamos.
7. É fundamental que as entidades saiban comunicar adecuadamente e que tamén sexan quen de facer crítica construtiva cando observemos algunha noticia, comunicación, ... na que non se axusta a información e/ou a redacción das mesmas segundo os criterios que valoremos máis adecuados para cada un dos colectivos cos que traballamos.
8. Obsérvase que o comentado non soamente pasa co colectivo de nenos, nenas e adolescentes que conviven en centros de menores, senón que tamén se comparte a

necesidade de reflexionar sobre a comunicación referida a persoas con enfermidade mental, de diversidade cultural e de diversidade funcional.

(por Mayte Celeiro Noya, Arela)

2. MESA SOBRE DIVERSIDADE: SEXUALIDADES

Anxela López Leiceaga, integrante do Foro da Vida Independente e promotora de ViGalia, explicou, a partir da súa participación no documental *Yes, we fuck!*, a problemática asociada á sexualidade das persoas con diversidade funcional.

Aínda que se asume que as persoas con diversidade funcional son cidadás de pleno dereito, e que, como tales, deben ter unha vida plena e participar activamente na vida da comunidade, o problema reside no que se entende socialmente por "vida plena". Deste xeito, a idea habitual de integración fai referencia ao dereito ao traballo, á educación e a cuestións de accesibilidade aos espazos públicos. Porén, non incluía entre os dereitos das persoas con diversidade o do lecer e as necesidades sexuais e afectivas.

Constatouse a visión socialmente estendida das persoas con diversidade tal que seres asexuados que non precisan. Unha imaxe que os medios de comunicación contribúen a reforzar, ao establecer unha serie de canons de beleza e do que é sexualmente atractivo ou non. Esa cousificación do corpo, que afecta á sociedade en xeral, impídelle ás persoas con diversidade autoperibirse como suxeitos sexuais. Esta influencia negativa dos medios de comunicación, sumada á sobreprotección ás persoas con diversidade no ámbito familiar, potencia esa autopercepción negativa, como seres incompletos, e conduce con frecuencia á renuncia á propia sexualidade. Esta renuncia é aínda máis habitual no caso de lesións medulares, pois a experiencia previa da sexualidade desaparece e non se conta co apoio necesario para recompoñer ou reconstruír a sexualidade nas novas circunstancias físicas.

O documental *Yes, we fuck!*, realizado por Antonio Centeno e Raúl de la Morena, contribuíu a visibilizar a cuestión. O propósito dos realizadores era, nas súas palabras, "crear un novo imaxinario colectivo onde todos gocemos do sexo". Para Anxela López, que participou nun dos obradoiros de sexualidade que recolle o filme, a experiencia foi moi valiosa. Axudoulle a descubrir a sexualidade alén dos cánones e da visión eminentemente xenital transmitida polos medios e socialmente asumida. O documental poderá verse o vindeiro outono en Santiago, no cadro dunhas xornadas, e proximamente estará accesíbel na súa versión íntegra na rede.

O feito de asumir a sexualidade das persoas con diversidade funcional non é sen consecuencias. Significa que debe garantirse ese dereito e iso leva aparellada a aparición de determinadas figuras como a da asistencia persoal, que faciliten ás persoas con mobilidade limitada o goce da súa sexualidade. Polo momento, no Estado español, só existen experiencias voluntarias, como Tandem Team (www.tandemteambcn.com), unha asociación que ofrece servizos de asistencia sexual en Cataluña e en Valencia. En países como Holanda ou Dinamarca a figura da asistente sexual está regulada por lei, o que garante a súa axeitada formación.

Con frecuencia, as persoas con diversidade funcional que tratan de desenvolver a súa sexualidade plenamente atópanse coa primeira barreira no seu círculo familiar, se ben

isto empeza a mudar, sobre todo no caso das persoas con diversidade psíquica. Porén, no caso da saúde mental, tal e como se expresou no coloquio, o tema é completamente inexistente.

O xénero das persoas con diversidade tamén afecta á súa relación coa sexualidade. Os roles impostos socialmente, que obrigan á muller a amosarse "fermosa" dentro dos canons de beleza imperantes, e a ser activa nos cuidados, poden ser difíciles de cumprir nas mulleres con diversidade. O mesmo ocorre no caso dos varóns, a quen a sociedade lles asigna o rol activo nas relacións.

Esta sobreprotección tamén a exercen as organizacións tradicionais de apoio ás persoas con diversidade, que son reacias a incluír esta problemática nos seus eixos de acción. En Galicia, é Vigalicia a entidade que está a promover a introdución desta cuestión na axenda das organizacións, co apoio da Sociedade Galega de Sexoloxía.

(por Comba Campoy, CIDACOM)

3. MESA SOBRE LINGUAXE NON EXCLUÍNTE

Interviron: Lola Ferreiro, Tono Novoa, Belén Puñal, Antía Pérez Caramés, Susana Recouso, Olalla Rodil

3.1. Sobre a importancia da linguaxe

-A linguaxe constrúe a realidade: 1) o que non se nomea non existe para nós; 2) a linguaxe valora a realidade; 3) a linguaxe constrúe identidades; 4) a linguaxe é un instrumento de poder. O poder é tamén sobre todo poder de definir a realidade. Os sectores con poder definen o mundo segundo os seus intereses e transmiten esa visión da realidade a través da linguaxe que tod@s empregamos.

-É fundamental a reflexión sobre a linguaxe empregada polos medios, a análise crítica ao redor da mesma e a aplicación de estratexias e accións que permitan incidir nos medios.

3.2. Respecto á abordaxe da diversidade funcional

-As persoas con diversidade funcional son etiquetadas con termos que nos remiten a unha mirada patolóxica (enfermidade, deficiencia, parálise, atraso, etc). como persoas biolóxicamente imperfectas que hai que rehabilitar e axustar a utópicos patróns de 'normalidade'.

-As palabras utilizadas para denominar ás persoas con diversidade funcional son fundamentais no reforzo da valoración negativa e no mantemento da opresión, discriminación e segregación.

-Desde o activismo de dereitos humanos do Foro de Vida Independente propúxose o concepto de 'diversidade funcional' para substituír outros con connotacións consideradas noxentas, como "discapacidade", "minusvalía", "invalidez", etc. E a partir de devandito concepto podemos falar de 'persoas discriminadas pola súa diversidade funcional', unha expresión que claramente contradí o principio de economía da linguaxe pero que demostrou gran utilidade como instrumento de empoderamento.

-As persoas con diversidade funcional, un 10 por cento da poboación, foron discriminadas polos medios de comunicación en varias áreas:

- Os medios de comunicación aínda tenden a utilizar o modelo médico da discapacidade en lugar do modelo social e de dereitos humanos
- A atención céntrase na insuficiencia máis que no individuo
- As persoas con diversidade funcional están escasamente representadas nos contidos producidos e en termos de emprego
- Percíbense escasos formatos e medios accesibles
- Os principais medios de comunicación non recoñecen a cultura das persoas con diversidade funcional

-Desde os estudos de diversidade funcional identificáronse 10 estereotipos usados polos medios para representar as persoas con diversidade funcional como:

1. Deplorable ou patética
2. Obxecto de curiosidade ou de violencia
3. Sinistro ou malvado
4. Súper inválido
5. Decorado
6. Cómico ou risible
7. O seu peor inimigo
8. Unha carga
9. Seres non sexuais
10. Incapaces de participar na vida diaria

-A representación das persoas con diversidade funcional mediante imaxes e relatos adversos ten profundas consecuencias.

- Falta de modelos de inclusión adecuados para as persoas con diversidade
- Reforzo continuado de estereotipos negativos que se aplican á comunidade de persoas con diversidade de forma xeneralizada
- Centrar a atención en logros, conquistas ou fazañas sobre a insuficiencia, significando que as persoas con diversidade non poden ser quen son sen esforzarse en superar a súa circunstancia ('porno inspiracional')
- A distancia entre as realidades estereotipadas das persoas con discapacidade e a audiencia aumenta o prexuízo e a brecha entre ambas

-Os medios de comunicación deben abandonar estas imaxes e relatos negativos, incluíndo personaxes que ofrezan novos puntos de vista e narracións, onde os produtores, actores, fotógrafos, redactores e escritores, etc. teñan a oportunidade de introducir novas e interesantes personalidades e situacións.

-As entidades orientadas a manexar unha linguaxe de dereitos e inclusión na sociedade han de centrar as súas campañas en como a sociedade ten que transformarse, en lugar de transformar á persoa diversa.

-Un problema particular na cobertura dos medios de comunicación é a dependencia dos estereotipos. Os estereotipos son utilizados polos medios de comunicación por varias posibles razóns:

- Preguiza: fíos argumentais, personaxes estereotipados e artigos son unha opción fácil e alcanzable, sen risco de alterar o status quo
- Falta de comprensión: redactoras e res, escritores e locutores crédulos relatan impregnados de estereotipos negativos
- Intereses comerciais: artigos que se utilizan para crear polémica, para encher ou vender servizos ou noticias ‘milagre’

-A oportunidade das persoas con diversidade de acceder aos medios de comunicación segue sendo un problema. Por exemplo, na televisión a maioría dos programas non teñen interpretación en lingua de signos. Tamén existen problemas similares co subtítulo.

3.3. Respecto á abordaxe da diversidade étnica

-Os medios de comunicación reforzan a contraposición nós / eles-elas.

-Enfatízanse as diferenzas e así establécense límites á comprensión e á convivencia

-Os medios inciden na contraposición nós/elas mediante a énfase na diferenza étnica, a exotización e o abuso de estereotipos e a asunción da migración como condición de identidade.

-Os medios non son quen de representar a heteroxeneidade existente ao interior das comunidades migrantes.

-Os medios non diferencian entre adscrición relixiosa e pertenza étnica ou condición migrante.

-Os medios non abundan na interseccionalidade das desigualdades sociais, na suma e confluencia de discriminacións (de xénero, clase social, orixe étnica, orientación sexual...).

-Os medios causan temor ao redor da comunidade inmigrante, como acontece de modo explícito co colectivo romanés.

-A abordaxe mediática ao redor dos colectivos de poboación inmigrante inciden na abordaxe do suceso e carecen de contextualización.

3.4. Respecto á linguaxe sexista

-A discriminación de xénero e a violencia simbólica que a acompaña, xa que logo o uso da linguaxe sexista, atravesas todas as outras discriminacións. En cada un dos colectivos discriminados, as mulleres resultan dobremente prexudicadas.

-A linguaxe sexista é unha forma de violencia simbólica que, xunto co resto das expresións, induce un xeito de ver o mundo que naturaliza o resto das dimensións da violencia de xénero, mesmo até o punto de facelas invisíbeis aos nosos ollos.

-A linguaxe sexista conta con tres dimensións: 1) uso xenérico do masculino; 2) asimetría no uso do masculino e do feminino de modo que o feminino quede en posición de inferioridade e 3) o sexismo no discurso.

3.5. Respecto á visión dende as e os profesionais da comunicación

- A profesión xornalística carece de formación para o emprego dunha linguaxe inclusiva.
- É preciso incidir nos cargos con poder de decisión nos medios e que lle imponen ás e aos xornalistas determinados usos.
- Son necesarios libros de estilo onde se concreten usos non discriminatorios da linguaxe.
- Non só é preciso desbotar a linguaxe discriminatoria da información, senón tamén da ficción, á que a/o público se expón de maneira menos inconsciente e máis indefensa.
- Os formatos que se priorizan nos medios dificultan a elaboración de contidos que vaian alén da abordaxe como suceso e permitan unha maior contextualización.
- É necesario a presenza de persoas de contacto, nas entidades do terceiro sector, ás que as e os profesionais dos medios poidan acudir de maneira inmediata como fontes.
- Non se debe desbotar, por parte das entidades do terceiro sector, o contacto cos medios de comunicación masivos. Malia a que o acceso aos medios masivos sexa complicado, porén, permiten chegar a sectores amplos da poboación, ao contrario que medios máis minoritarios, máis receptivos á informacións dos colectivos sociais, pero con menor capacidade para chegar a un público amplo.
- É preciso non caer na deriva actual cara ao discurso asistencialista e o desprazamento que supón do discurso da xustiza social.

(por Belén Puñal, CIDACOM)

4. MESA SOBRE MIGRANTES

Belén Fernández de ESOMI, introduciu a mesa respecto á imaxe que proxectan os medios de comunicación do traballo de ONG e asociacións de inmigrantes.

No debate faise fincapé na necesidade de romper coa negatividade que rodea as novas sobre persoas inmigrantes nos medios de comunicación, especialmente, o estereotipo do ‘inmigrante gorrón’ que abusa do Estado do Benestar cando a maioría de estudos ratifica xusto que é un contribuínte neto que paga máis impostos que beneficios recibe. As entidades sociais e asociacións de inmigrantes sinalan que existe unha estratificación, e que determinados colectivos coma os procedentes dos países árabes, están fortemente estigmatizados.

Existe marxe de manobra para mellorar na comunicación do traballo das entidades de apoio e asociacións de inmigrantes, ás que hai que agradecerlle que a maior parte das novas positivas son produto do seu traballo, o que supón unha achega valiosa. Tamén se sinala que deberían existir mecanismos de control gobernamentais para evitar nos medios públicos e privados a emisión de xuízos de valor racistas que van máis alá do tolerable nunha sociedade democrática. En ocasións, os propios profesionais da comunicación, pola súa precariedade laboral, tamén son “vítimas” dun traballo que os descualifica e que non posibilita os contidos de calidade.

As entidades recoñecen a importancia da formación en temas de comunicación, mais non teñen o suficiente persoal como para abordar este traballo e tampouco a formación precisa. Por iso valorarían de forma positiva a existencia de traballo de voluntariado ou prácticas de profesionais da comunicación nas súas organizacións.

(por Belén Fernández, ESOMI)

5. MESA SOBRE MULLERES E VIOLENCIAS SIMBÓLICAS

A introdución de Ana Sánchez Bello (UDC) abordou a violencia simbólica que sofren as mulleres na nosa sociedade. En primeiro lugar, realizou unha pequena introdución teórica, que logo derivou nalgúns exemplos concretos nos que se plasma esa violencia simbólica. A mesa rematou cun debate acerca das diferenzas entre diferentes tipos de violencias.

A violencia simbólica crea un relato e un imaxinario social, que cimenta a base para a existencia da violencia física. Enfrontarse a ela non é sinxelo pois custa desenmascarala, xa que non resulta evidente. Se a violencia física ocupa un certo espazo nos medios de comunicación, a violencia simbólica é difícil detectar e tematizar.

A violencia simbólica fai posible que aquelas persoas dominadas acepten os mesmos criterios que aquelas persoas que as dominan. A violencia simbólica impide o debate, impide a reflexión e os cuestionamentos. Ese é precisamente o seu poder. Neste senso, a violencia simbólica, segundo Bourdieu, é persuasión: unha persuasión que impide que se interpele o *status quo*.

Un exemplo da violencia simbólica está no modo en que se conceptualiza o “que é unha muller”. A nosa sociedade segue mantendo unha definición que fraguou fai tempo Aristóteles, onde as mulleres son seres máis determinados pola bioloxía e máis próximas á natureza cós varóns. En realidade, este mesmo relato acerca das diferenzas entre homes e mulleres foi recollido por diferentes pensadores ao longo da historia. Por exemplo, o filósofo Rousseau co seu *Emilio, ou da educación* marca claramente as diferenzas na educación que reciben os homes e as mulleres.

Por último, Ana Sánchez Bello afirmou que a violencia simbólica non só se recolle na prensa, senón que a literatura, o cine, etc. transmiten unha boa cantidade de violencia simbólica. Por exemplo, filmes como *Crepúsculo* veñen a crear un relato no que o amor se identifica co control e os celos, identificándose isto como algo positivo nunha relación afectiva.

No debate reflexionouse acerca do espazo que ocupa a violencia física nos medios de comunicación. Tendo en conta que son asasinadas ao redor de 70 mulleres ao ano en España, o espazo que segue a ocupar a violencia machista é reducido, sempre no apartado de sucesos e cun enfoque sensacionalista que esquece de sinalar as causas sociais (o sexismo) deste tipo de violencia. Incidiuse no debate no limitado enfoque deste tipo de novas.

O esquecemento dos medios de comunicación da violencia física e simbólica ten que ver co que Marcela Lagarde denomina o “veo da igualdade”, aquela sensación transmitida ás veces polos medios de comunicación de que a igualdade xa está conseguida, que a desigualdade é cousa do pasado ou doutros países “menos desenvolvidos”. Faise necesario rachar ese velo da igualdade para desenmascarar a violencia física e simbólica.

Outro dos puntos do debate abondou nos discursos que se están detectando entre a mocidade e a xuventude con respecto á igualdade. Algunhas asociacións presentes no

debate remarcaron que se están a detectar discursos que dan por feito a igualdade, cunhas dificultades importantes para detectar os comportamentos sexistas da sociedade. Falouse de determinados programas de televisión onde o sexismo é explícito, confrotándoos con outro tipo de filmes, como *Crepúsculo*, onde o sexismo é menos evidente, razón pola que resultan máis perigosos.

Por último, unha das participantes no debate subliñou a necesidade de que se introduza no debate o concepto de “feminismo” nos medios de comunicación para sensibilizar a unha sociedade, que aínda hoxe, segue a ter unha visión ás veces negativas deste termo. Aínda existe confusión sobre este concepto, que loita a prol da igualdade entre mulleres e homes, unha igualdade real e, polo tanto, tamén simbólica.

(por Iria Vázquez, da Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo)